

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 11 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador da convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de persoal de investigación.*

Mediante a Resolución do 27 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023), realizouse a convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de persoal de investigación.

Na base sétima da antedita resolución dispónse que os tribunais cualificadores do concurso de méritos, serán nomeados pola autoridade convocante, publicándose a este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

O Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema público de saúde de Galicia, en desenvolvemento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establece no seu artigo 4.5 que nos procesos selectivos que se convoquen mediante o sistema de concurso, en execución das disposicións adicionais quinta, sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e da disposición adicional deste decreto, poderá designarse un mesmo órgano de selección para varias categorías, respectando na súa composición os criterios sobre designación de tribunais establecidos pola lexislación de emprego público e demais normativa de selección.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29 de decembro) establece que os procesos selectivos para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público aprobadas no marco dos procesos de estabilización de emprego temporal, deberán finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto nesta regulación e de conformidade coa base sétima da resolución de convocatoria, esta dirección, como órgano convocante do proceso



**ACORDA:**

Primeiro. En execución do artigo 4.5 do Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema público de saúde de Galicia, désígnase no proceso selectivo convocado por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 27 de decembro de 2022, un único órgano de selección para as categorías de persoal de investigación investigador/a sanitario subgrupo A1, investigador/a non sanitario subgrupo A1 e investigador/a sanitario subgrupo C1.

Segundo. De conformidade co exposto no punto primeiro desta resolución, nomear con efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* os membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo extraordinario de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas citadas categorías de persoal de investigación, convocado por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 27 de decembro de 2022 e que se relacionan no anexo desta resolución.

Terceiro. Declarar de aplicación a este proceso, as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador, negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade, á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) en tanto sexan compatibles coa natureza do proceso, e sen prexuízo das peculiaridades que resulten da aplicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

**ANEXO**

Tribunal das categorías de investigador/a non sanitario subgrupo A1 e investigador/a sanitario subgrupo A1 e subgrupo C1		
Presidenta titular	María Luz Couce Pico	Facultativa especialista de área Pediatría e as súas áreas específicas
Secretaria titular	Pilar Morgade Saavedra	Funcionaria do corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
Vogal titular	Germán Bou Arévalo	Facultativo especialista de área Microbioloxía e Parasitoloxía
Vogal titular	Rafael López López	Facultativo especialista de área Oncoloxía Médica
Vogal titular	José Alberto Fernández Villar	Facultativo especialista de área Pneumoloxía



Tribunal das categorías de investigador/a non sanitario subgrupo A1 e investigador/a sanitario subgrupo A1 e subgrupo C1		
Presidenta suplente	María del Mar Castellanos Rodrigo	Facultativa especialista de área Neuroloxía
Secretaria suplente	María José Faraldo Valles	Funcionaria persoal sanitario funcionario da escala de saúde pública e administración sanitaria. Licenciada en Medicina
Vogal suplente	Julián Álvarez Escudero	Facultativo especialista de área Anestesiología e Reanimación
Vogal suplente	Juan Turnes Vázquez	Facultativo especialista de área Aparello Dixestivo
Vogal suplente	Francisco Javier Blanco García	Facultativo especialista de área Reumatología

